



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

exp. 2018/G003/000022

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A OBRA DENOMINADA: REXENERACIÓN URBANA E HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DA PRAZA DO RECHEO, FASE 1, PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXP. 02/2017

**EXPEDIENTE:**2018/G003/000022

### ANTECEDENTES:

Visto o expediente de contratación para a obra denominada REXENERACIÓN URBANA E HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DA PRAZA DO RECHEO, FASE 1, PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXP. 02/2017, cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña, así como os informes de Intervención e de Secretaría que figuran no expediente.

Considerando que a oferta máis ventaxosa segundo a proposta da Mesa de Contratación do 02.10.2017 é a de CONSTRUCCIONES RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, SL por un importe de 194.918,90 €, IVE incluído, e un prazo de execución de 60 días naturais.

Vista a documentación presentada pola empresa os días 24.11.2017 e 05.12.2017 que a Mesa de Contratación acepta na sesión celebrada o día 15.01.2018, coa salvedade da petición ós técnicos redactores dun certificado onde acrediten que non houbo ningunha modificación sobre o proxecto inicial, que estes presentan o 16.01.2018.

En función do establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, polo que se regulan as bases do réxime local, o artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Resolución de Alcaldía número 496/2017, do 7 de decembro, polo que se revoca o Decreto 269/2015, de 10 de xullo, polo que se acordaba a delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a obra denominada REXENERACIÓN URBANA E HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DA PRAZA DO RECHEO, FASE 1, PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXP. 02/2017 por un importe de 194.918,90 €, IVE incluído, e un prazo de execución de 60 días naturais, conforme ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas a CONSTRUCCIONES RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, SL por ser a oferta máis ventaxosa de tódalas ofertas presentadas.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

exp. 2018/G003/000022

Segundo.- Nomear como directores da obra ós técnicos Dulcemaría Trigo Cousillas, COAG número 2115 e Juan Manuel Doce Porto, COAG número 1386.

Terceiro.- Nomear como coordinador de seguridade e saúde ó técnico Francisco Jesús Cobas Fernández (GALLEGA DE COORDINACIONES, SL).

Cuarto.- Aprobar o gasto con cargo á partida correspondente do orzamento en vigor.

Quinto.- Notificar o acordo ao resto de licitadores e ao contratista e emprazalo para que no prazo máximo de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da recepción da notificación deste acordo se persone no Concello para a sinatura do contrato, **debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, en nome e representación da empresa.**

Sexto.- Publicar a adjudicación definitiva do contrato no Perfil do Contratante no prazo de corenta e oito días a contar dende a data deste acordo.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.